

RAID DE ORIENTACIÓN

XIII LIGA GALEGA

NORMAS ANUAIS 2017

Aprobadas na Asamblea Xeral de 17 decembro 2016
 Modificadas en reunión de 28 xaneiro 2017

Calendario 2017

NÚM.	FECHA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIONES
1	18/3	BRIGANTIA AV.	CARIÑO	RACE 1 ETAPA 1 DÍA	---
2	2-3/9	GALLAECIA RAID	---	RACE? 2 ETAPAS? 2 DÍAS	PUNTÚA LIGA ESPAÑOLA
3	30/9	BUDIÑO RAID	PORRIÑO	RACE 1 ETAPA 1 DÍA	---
4	21-22/10	CORNELIOS RAID	AS NEVES	RACE? 2 ETAPAS? 2 DÍAS	CAMPEONATO GALEGO PUNTÚA LIGA ESPAÑOLA
5	3/12	AROMON	PONTEVEDRA	RACE 1 ETAPA 1 DÍA	---

Información

Na web de FEGADO: <http://fegado.es>

Nas webs oficiais de cada proba.

ARTIGO 1. Requisitos de participación

Para participar nas probas do calendario oficial da Liga Galega de Raid de Orientación e puntuar no seu *ranking*, será obrigado ter 18 anos cumpridos ou máis. Tamén se deberá estar en posesión da correspondente licenza federativa de tempada.

En categoría Orienta-Raid, pola súa banda, poderán participar menores con 16 e 17 anos de idade, sempre que debidamente autorizados (pai/nai, etc.) e, ademais, acompañados de polo menos un maior de idade no percorrido.

ARTIGO 2. Regulamentos

A Liga Galega de Raid de Orientación estará suxeita o Regulamento de Raid de Orientación da FEGADO, ás Normas anuais de Raid de Orientación da FEGADO, ás normas particulares de cada Raid, e no seu caso, no non previsto e aplicable, ó Regulamento de Raid da FEDO.

ARTIGO 3. Normas anuais

Estas normas anuais serán de aplicación en todas as probas que integran esta Liga.

ARTIGO 4. Formato de equipo

Son competicións de equipo coas seguintes categorías:

4.1.- RAID-O 3, categoría **oficial** obrigada con formato 3+asistencia, tres compoñentes sempre en competición e unha asistencia.

4.2.- RAID-O 2+1, categoría **oficial** obrigada con formato 2+1 reserva-asistencia, dous compoñentes sempre en competición e un posible reserva-asistencia, que poderá substituír ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización.

4.3.- ORIENTA-RAID, categoría de iniciación optativa para os organizadores das probas, a posibilidade de facer un percorrido de iniciación (apto para todos os públicos, sen dificultades técnicas), con formato 2+sen límites, dous compoñentes sempre en competición e sen límite de compoñentes reservas-asistencias, que poderán substituír ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización.

ARTIGO 5. Compoñentes e nome de equipo

5.1.- Para favorecer a formación de equipos, e por tanto a promoción deste deporte, **non haberá ningunha limitación na formación de equipos** que participen en cada proba e **que NON puntúen no ranking galego.**

5.2.- Todos os equipos que participen nunha proba do calendario e pertencen a un club FEGADO puntuarán para o **RANKING GALEGO**, sempre que cumpran os requisitos recollidos no artigo 7 destas normas. É responsabilidade dos clubs organizadores remitir o arquivo completo á persoa encargada de elaborar o *ranking* (indicado no final destas normas), por correo-e (no formato excell oficial remitido ás organizacións), cos seguintes datos: CLASIFICACIÓNS FINAIS por CATEGORIA, POSTO ACADADO polo EQUIPO, NOME do EQUIPO, CLUB de PERTENZA, Nº PUNTOS validados, TEMPO EMPREGADO, MIXTO (SI ou NON), COMPOÑENTES (nome e apelidos, nº licenza anual raid ou d.n.i. e data de nacemento). Os equipos que non cumpran os requisitos recollidos no artigo 7 desta normativa, segundo a información enviada polos organizadores, non sumarán a puntuación obtida en dita proba no *ranking* galego.

5.3.- Non haberá limitación no número de compoñentes que participen cun **equipo que puntúe no ranking**, pero cada persoa durante a mesma tempada, só poderá competir en diferentes equipos que puntúen para o *ranking* sempre que estes equipos pertencen ó mesmo club. Só poderase puntuar por equipos dun só club e os puntos permanecerán nese primeiro clube, aínda que o corredor cambie a súa licenza a outro club.

5.4.- Cando un **equipo que puntúe no ranking** da liga modifique o seu nome, deberá informar convenientemente á persoa coa responsabilidade de elaborar o *ranking*, antes da celebración da proba na que participen cun nome diferente, para que se lle poidan sumar os resultados a un mesmo equipo con diferentes nomes.

5.5.- O nome dun equipo deberá conter o nome do club ó que se encontra ligado.

ARTIGO 6. Control de material obrigado

Todas as organizacións terán a obriga de facer un control de material obrigado durante o transcurso da proba, o punto de control será segredo, e realizarase a tódolos participantes sempre que sexa posible.

ARTIGO 7. Clasificación xeral da Liga (RANKING GALEGO)

7.1.- Para poder participar no *ranking*, os clubs e os equipos deberán cumprir os requisitos esixidos nos artigos 1 e 5.

7.2.- Existirá unha Clasificación Xeral independente para as categorías de **RAID-O 3** e **RAID-O 2+1** (o percorrido optativo de iniciación, Orienta-Raid, non terá *ranking*). A clasificación ordéase de maior a menor puntuación, segundo a suma total dos puntos *ranking* de cada equipo, acadados pola súa participación nas diferentes probas, sumando para o total os resultados acadados polo equipo no 80% (axustando o enteiro por enriba) das probas do calendario oficial da tempada, descartándose os resultados restantes de menor puntuación. En TODAS as categorías, os equipos teñen que competir obrigatoriamente como equipo mixto en 3 probas do calendario (tendo que sumar para o *ranking* 2 resultados mixtos obrigatoriamente), obriga que se manterá sempre, aínda que se suspendan probas do calendario aprobado. Os equipos que non compitan tres veces como equipo mixto, deixarán de sumar no *ranking* unha ou dúas puntuacións, segundo os seus casos. Os equipos que organicen unha proba, poderán considerala como participación mixta. Para ter a consideración de equipo mixto a estes efectos, o equipo debe ser mixto en alomenos o 50 por cen das seccións, redondeando o enteiro máis alto, no seu caso.

7.3.- En caso de anulación dalgunha proba, esta considerarase fora do calendario oficial da tempada, axustando o número de probas puntuables ó 80 % (axustando o enteiro por enriba) do calendario resultante. Nembargantes en caso de anulación de probas, mantense a obriga de puntuar no *ranking* alomenos como equipo mixto dúas veces, e participar como mixto en tres probas.

7.4.- Poderase sumar un resultado como organizador de proba, sendo éste igual á media das 3 mellores clasificacións do equipo na presente Liga. Esta media acadarase aplicando ás súas 3 mellores clasificacións os puntos indicados na norma 8.4 para os equipos organizadores de probas de 1 día de duración, e os puntos indicados na norma 8.5 para os equipos organizadores de probas de 2 días de duración (tomando como referencia os puntos asignados á posición resultante das tres mellores). Cada organización informará o encargado do *ranking*, previamente a celebración da proba, qué equipos (co nome dos compoñentes) puntuarán para o *ranking* como organización, sen un máximo deles.

Non se inclúe neste cupo dun único resultado ó Xuiz Controlador, ó que tamén se lle aplicará o mesmo factor, podendo éste sumar ata dos probas con factor, das que unha como máximo como organizador.

7.5.- En caso de empate a puntos no *ranking*, terase en conta o número de postos acadados polo equipo como 1º, 2º, 3º ..., etc., nas diferentes probas do calendario, ata desfacer a igualada.

ARTIGO 8. Clasificacións parciais nas probas e cómputo do *ranking*

8.1.- Nas **clasificacións parciais de cada proba**, por norma xeral cada PC validado terá o valor de 1 punto (caso contrario deberá ser informado nos boletíns da proba e quedar ben especificado no libro de ruta) e os equipos se clasificarán por categorías, tendo en conta 1º o número de puntos obtidos segundo PC validados, e 2º o tempo real invertido co desconto das bonificacións e neutralizacións, caso de que as houberse.

8.2.- Os **equipos compostos íntegramente por mulleres** beneficiaranse dunha bonificación, aplicable por sección. A bonificación consiste en restar, do tempo total-real invertido en cada sección, un tempo equivalente ó 5% dese total-real. O resultado da resta será o tempo computable para a clasificación. Da mesma bonificación beneficiaranse os **equipos compostos parcialmente por mulleres**, tendo en conta que a bonificación so se aplicará nas seccións en que o equipo forme alomenos cunha muller.

8.3.- (Sen contido).

8.4.- En **probas de 1 día de duración**, para o computo do **Ranking Galego**, en cada categoría, o equipo que participe obterá un número de puntos en base a súa posición na clasificación xeral, segundo este criterio:

RAID SPRINT (menos de 8 horas)

1º	90 puntos	6º	75 puntos
2º	85 puntos	7º	74 puntos
3º	81 puntos	8º	73 puntos
4º	78 puntos	9º	72 puntos
5º	76 puntos	... diminuindo un punto ata o último clasificado.	
Desc.* 0 puntos			

RAID RACE (máis de 8 horas)

1º	110 puntos	6º	95 puntos
2º	105 puntos	7º	94 puntos
3º	101 puntos	8º	93 puntos
4º	98 puntos	9º	92 puntos
5º	96 puntos	... diminuindo un punto ata o último clasificado.	
Desc.* 0 puntos			

8.5.- En probas de 2 días de duración, para o computo do **Ranking Galego**, en cada categoría, o equipo que participe obterá un número de puntos en base a súa posición na clasificación xeral, segundo este criterio:

1º	132 puntos	6º	117 puntos
2º	127 puntos	7º	116 puntos
3º	123 puntos	8º	115 puntos
4º	120 puntos	9º	114 puntos
5º	118 puntos	... diminuindo un punto ata o último clasificado.	
Desc.* 0 puntos			

(* Os equipos só son desclasificados cando incumpren normas de seguridade ou transitan por terreo prohibido, por tales motivos non merecen ningún tipo de puntuación).

ARTIGO 9. Xurado Técnico

(Sen contido)

ARTIGO 10. Organizadores

Clubs da Federación Galega de Orientación (FEGADO).

ARTIGO 11. Inscripción

A correcta formalización da inscrición será responsabilidade de cada equipo, segundo o seguinte protocolo:

- Cubrir o formulario de inscrición.
- Formalizar o pago.
- Enviar formulario de inscrición e xustificante de pago, á organización do evento.
- **PECHE da INSCRICIÓN**, ata o **martes** anterior a celebrar o evento as **22:00 h.**
- **PUBLICACIÓN** listado **INSCRITOS** por parte da organización, antes do **mércores** anterior a celebración do evento, nunca máis tarde das **22:00 h.**
- **COMPROBACIÓN** por parte do equipo de aparecer correctamente no listado de inscritos.

- Prazo para **CORRECCIÓN** ou reclamacións ata o **xoves** anterior a celebrar o evento as **22:00 h.**
- Formalización definitiva o día da recepción do evento. O equipo que incumpra estes pasos e o día da recepción non estea correctamente inscrito, quedara excluído do evento.

ARTIGO 12. Custo en probas dun día

As probas de 1 día terán unha cota máxima de 54 € por equipo, máis o custo da licenza raid de 1 día por participante (en caso de non ter licenza anual de raid), se se formaliza antes das 22:00 do martes da semana anterior á proba. A cota sube a 65 euros para as inscricións efectuadas a derradeira semana de prazo, isto es, de 22:00 h. do martes da semana anterior á prueba, a 22:00 h. do martes da semana da proba.

ARTIGO 13. Custo en probas de dous días

As organizacións de probas de 2 días terán unha cota acorde cas necesidades da proba, segundo estipule a propia organización, e un custo na licenza de raid de fin de semana por participante para esta tempada.

ARTIGO 14. Campionato Galego

Unha das probas que conforman a Liga Galega de Raid de Orientación será designada Campionato Galego, e o gañador será nomeado Campión Galego de Raid de Orientación.

ARTIGO 15. Campión Galego

Para ser Campión Galego, nas categorías RAID-O 3 e RAID-O 2+1, é necesario que o equipo compita en formato mixto, que todos os compoñentes teñan a licenza federativa anual de raid e corran para un clube que se encontre dado de alta na FEGADO.

Disposición adicional

Establécese o principio de obrigatoriedade do uso do sistema SportIdent.

Ranking Galego 2017

Para a elaboración do *ranking 2017* as organizacións deberán enviar o formulario oficial ó correo-e: isa.diz@gmail.com. Este correo-e será tamén o canle de comunicacións oficiais entre FEGADO e as organizacións ou equipos participantes na Liga para calquera dúbida, proposta, comunicación ou reclamación.